# UNHA HISTORIA DE CONTO

sprteacher

profetamarita

**Materiais:**

libros, imaxinación, lapis, papel e móbil/cámara

**Elaboración**

Busca pola casa todos os libros que teñas, fíxate nas palabras do seu título e trata de montar con elas unha pequena historia, un pequeno conto ou unha mensaxe especial.

Unha vez teñas decididos os títulos que vas utilizar, escribe o texto nun papel. Subliña as palabras relacionadas co título para saber a orde dos libros e cando terás que coller cada un.

Posteriormente, coloca os libros por orde nunha pila (o primeiro que necesites arriba).

Pídelle a un axudante que te grave mentres ti vas, pouco a pouco, lendo ou dicindo (se o aprendes de memoria) o teu texto e pasando todos os libros (ou ti les e outro axudante pasa os libros...).
A continuación, comparte o vídeo con nós, con todas as historias faremos unha montaxe!